

Horizonte universal

RIOS CHEOS DE DEUS: Escolma de poesía relixiosa

Xosé A. Miguélez Díaz



Teño o gusto de presentarlles aos lectores de *Irimia* unha obra que escolma poesía relixiosa en galego, preparada polo Doutor Victorino Pérez Prieto, que foi tantos anos director de *Irimia*, e que publicou neste ano 2007 a editorial Toxos Outos, de Noia, co título *Os ríos pasan cheos de Deus*.

O libro ten 275 páxinas e resulta moi útil para decatarse da rica presenza da veta relixiosa na poesía en galego, para acceder a un primeiro achegamento a esta temática, para disfrutar con moitas das súas achegas, e mesmo para ter como libro de cabeceira ou de lectura espiritual.

Trátase dun volume con 200 poemas de 91 autores distintos: 5 da medieval poesía galego-portuguesa, 15 de poetas portugueses e 63 de poetas galegos moi variados: desde os clásicos do Rexurdimento como Rosalía, Curros ou Pondal ata autores de agora como Marica Campo ou Arcadio López Casanova, pasando por poetas tan asentados como Noriega Varela ou Cabanillas, que publicaron na primeira metade do século XX ou por artistas do peso de Celso Emilio Ferreiro, Antón Tovar, Manuel María ou Díaz Castro da recente segunda metade do pasado século.

A obra vai introducida polo autor da antoloxía cun estudo sobre a relación entre poesía e fe relixiosa, na que se nos lembra a necesidade da profecía e da linguaxe poética para tentar expresar o Misterio inexpressable que chamamos Deus. Tamén se nos presenta con detemento o Diurnal Católico da Liturxia das Horas como a meirande colección de poesía relixiosa en galego, e dánsenos as razóns e os criterios que moveron o autor na súa escollla, que resume na frase "versos para gozar, meditar e orar".

Algúns poemas, pola súa beleza e fondura, permiten un gozo abraído

como o xenial himno de Marica Campo, *A palabra de Deus ecoaba lixeira*, no que paga a pena deterse. Outros, pola súa enorme humanidade, levan doadamente á meditación, como os poemas de Celso Emilio Ferreiro, e salientadamente a súa *Carta a Papai do ceo*. Outros facilitan a oración, ben porque nos conducen á soleira da dor e do amor humano, e por iso ao misterio, ben porque son himnos oracionais, escritos xa para axudar a oración crente.

Pola súa parte Portas Ferro aporta ademais unha interesante Presentación a esta antoloxía na que nos lembra que non toda poesía de tema relixioso resulta boa condutora para achegarse ao Misterio do Ser e da Vida, e que, en cambio, hai moita poesía non explicitamente relixiosa, que si resulta desveladora e suxeridora para quen busque a Deus ou a Trascendencia.

Outros antólogos farían outra escollla, porque Victorino Pérez

Os ríos pasan cheos de Deus

Poesía Relixiosa en galego

VICTORINO PÉREZ PRIETO



Prieto para nada esgotou nin o temario nin os autores, e cabía outro reparto de atención, pero o conxunto desta obra resulta moi válido e moi recomendable, e como primeiro ensaio convértese nunha obra imprescindible para futuros estudos, que hai que agradecer (malia a ter bastantes erros tipográficos) e que invitamos a gustar. Mesmo pode ser un interesante regalo natalenco.

Como é imposible dar unha mostra cabal dos 200 poemas (algúns bastante longos) aos que nos referimos, ousamos presentar a modo de entrante algúns fragmentarios pero saborosos versos.

O ourensán Saco e Arce (s. XIX) fala da Encarnación de Deus en Xesucristo con esta sinxeleza e fondura: *"Faíse o infinito pequeno/ o poder, fragilidade/ celestial a humanidade/ Deus, por amor, faíse neno"*.

Rosalía de Castro na mesma época exerce de gran crente e non só de gran poeta cando reclama para o salouco, para o laio que pola dor é incapaz de palabra, a categoría de oración: *"As campanas tocan lonxe/ a tocar de Ave Maria/ Elas tocan pra que rece/ Eu non rezo, que os saloucos / afogándose parece / que por min ten que rezar"*. Está é unha oración máis eficaz ante o Deus bíblico que tantas outras liturxias aparatosas de grandes catedrais, segundo ensinan os profetas.

O bucólico e contemplativo Crescente Vega axúdanos a valorar o sinxelo desde a fe: *"Bendito seña o calor/ que do ovo fai saír/ o pitíño pindor"*.

O gran crente e loitador que foi Cabanillas, á par que home teiró e apegado á terra e ao pobo, invítanos á fe dicindo *"Sen Amor e sen Fe, a alma vive/ como fonte sen auga, albre sen follas/ paxariño na neve, altar caído/ estrelina sen luz, deserta chouza..."*



O lucense e exquisito Luis Pimentel suxire a tensión existencial da difícil tarefa de ser humanos nuns versos como lóstregos. *"¡Que esforzo, Señor, pra non ser seixo/ e ser lúa e ser azas!"*.

O gran Aquilino Iglesias Alvarinho expresa a fe cristiá coa súa habitual contención e sabedoría: *"Verbo de luz, morrendo nunha cruz/ para romper as lousas dos sepulcros/ e encher a noite de infinita luz..."*.

O santiagués Fermín Bouza Brey, entre o camiño da alta mística ou da austera ascética, escolle un modo relixioso telúrico de ver a Deus, moi arraizado na terra e na materia, e sobre todo na vida: *"E véxote Señor/ ao pé de cada esquivo/ penedo percorrendo/ o celme en cada pino/ bulindo en cada verme/ chou-tando en cada niño..."*. É a mesma mística de Xesús que ollaba os paxariños coitados por Deus, e a propia de moito do noso pobo rural.

É tamén a mesma que Bernardo García Cendán, profesor universitario de socioloxía en Lugo, asume

cando di no seu *Credo galego* o que cantamos en cada Romaxe: *"Creo en Deus dono da vida/ que brinca nas nosas leiras/ no mar, nas chousas, nas rías/ nos montes, nas carhaleiras..."*. Pero que prolonga, contemplando a Deus non só na natureza, tan faladora en Galicia, senón tamén no esforzo de liberación e de humanización tal é como expresa no mesmo Credo: *"Creo no Espírito que vive/ na liberdade e libera/ anima aos homes que loitan/ pra ser donos da súa terra/ Vive en quen rucha cadeas/ e xurde nos nosos nenos/ cando falan sen complexos/ a lingua dos devanceiros"*.

Moito máis que isto atoparán os lectores na obra que presentamos e recomendamos de Victorino Pérez Prieto: *Os ríos pasan cheos de Deus. Poesía relixiosa en galego*. Editorial Toxos Outos, Noia 2007.